

Comunidade Autónoma

División político administrativa do territorio que engloba a varias provincias que aparece coa Constitución de 1978, se ben esta figura xa aparece recollida na Constitución de 1931. De feito hai tres nacionalidades históricas (Galicia, País Vasco e Cataluña) que accederon á autonomía pola vía rápida do artigo 151, mentres que o resto das CCAA ata as 17 que configuran o Estado descentralizado español fixéronno polo artigo 143. Cada CCAA está dotada dun goberno, parlamento e tribunais de xustiza propios.

Estatuto de autonomía

Lei fundamental de autogoberno para cada un dos territorios que reclamaron a súa autonomía dentro do Estado español, segundo a posibilidade establecida pola Constitución española de 1978. Recolle o funcionamento do entramado institucional autonómico, as súas competencias, a delimitación territorial, o réxime lingüístico e denominación da comunidade.

Municipio

Unidade territorial- administrativa máis básica recoñecida pola Constitución de 1978. Está organizado por un concello dirixido por un alcalde e unha corporación elixidos democraticamente. De orixe castelán, onde o poboamento está concentrado, esta división territorial de tipo política non consegue adaptarse á realidade de Galicia onde o nome do municipio coincide co núcleo de poboación máis grande, pero que está lonxe de reunir a maior parte da poboación do concello, razón polo que a poboación segue a demostrar máis apego á parroquia que non ao municipio.

Parroquia

División territorial eclesiástica que está organizada por un sacerdote. En Galicia esta división de límites baseados en accidentes xeográficos naturais (ríos, outeiros) demostrou ter unha perfecta adaptación á fragmentación do territorio e á dispersión das entidades de poboación polo que o grao de identificación da poboación coa súa parroquia é moi alta. Tanto é así que os distritos electorais no rural galego seguen os límites parroquiais.

Provincia

División territorial que engloba a varios municipios que xurde en 1833 coa organización político administrativa creada por Javier de Burgos. Para determinar as fronteiras e os tamaños provinciais seguíronse criterios de tipo histórico, xeográfico, a cantidade de poboación e a distancia coa capital provincial. Foi produto dunha mentalidade e un tempo que buscaba mellorar a eficacia administrativa dun Estado centralista. España conta con 50 provincias.

